

Lista dos centros de investigación singular e agrupacións estratéxicas consolidadas que superaron a avaliación final.

A Orde do 11 de agosto de 2016 establece as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para a acreditación, estruturación e mellora de centros de investigación singulares e agrupacións estratéxicas consolidadas do Sistema universitario de Galicia, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020.

No artigo 19 desta orde, establécese que ao remate da axuda realizarase unha avaliación final no que se terán en conta, entre outros criterios, os indicadores que figuran na memoria descritiva da solicitude.

Na instrución 5/2019, da Secretaría Xeral de Universidades para iniciar o procedemento de avaliación destes centros e agrupacións, establécese no punto 5 que a avaliación será de carácter cualitativo atendendo ao desempeño das unidades durante o período de execución da axuda. Como resultado do informe do panel emitirase unha cualificación de acordo coas seguintes categorías:

- A: Excelente
- B: Adecuada
- C: Mellorable
- D: Deficiente

Nas categorías B e C o panel poderá asignar unha cualificación de "+" (máis) ou "-" (menos) para un mellor escalado da avaliación.

O panel de avaliadores, na comisión de avaliación, fixou os criterios sobre a categorización antes definida, do seguinte modo:

- A: Excelente. O centro ou agrupación que durante a vixencia da axuda alcanzara resultados de investigación extraordinarios, ou niveis de excelencia e recoñecemento acreditados nacional e internacionalmente.

- B: Adecuado. O centro ou agrupación que alcanzara resultados científico-tecnolóxicos de calidade, inda que dado o seu potencial debería seguir mellorando e fortalecendo as súas estruturas de gobernanza, así como a eficacia das súas actuacións para avanzar ata a excelencia.

- C: Mellorable. O centro e agrupación que non alcanzou logros satisfactorios nalgún dos seguintes aspectos: estruturas de goberno, captación de talento, busca de financiamento competitivo ou de vinculación; e dicir, non avanzou ou desexable no período de referencia.



As categorías B e C complementáanse cos diferentes signos (+ e -) para sinalar diferenzas tanxibles entre os centros e agrupacións que se sitúan na mesma categoría, a ausencia de signo representa a situación intermedia.

Tras a deliberación conxunta do panel de avaliadores, e por unanimidade, a categorización resultante da avaliación é a seguinte:

Expediente	Denominación	Acrónimo	Universidade	Categorización
ED431G/01	Centro de Investigacións en Tecnoloxías da Información e as Comunacións	CITIC	UDC	C
ED431G/02	Centro de investigacións Biomédicas	Cinbio	Uvigo	C +
ED431G/04	AtlanTTic	AtlanTTic	Uvigo	C -
ED431G/05	Centro de investigación en Medicina Molecular e Enfermidades Crónicas	Cimus	USC	B
ED431G/06	Centro de investigacións mariñas	CIM	Uvigo	C +
ED431G/08	Centro singular de investigación en Tecnoloxía da Información	Citius	USC	C +
ED431G/09	Centro singular de Investigación en Química Biolóxica e Materiais Moleculares	Ciqus	USC	B +

Santiago de Compostela  
A subdirectora xeral de Promoción Científica e  
Tecnolóxica Universitaria  
María Jesús Tallón Nieto

